



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para desenvolver o Proxecto Nós: O Galego na Sociedade e Economía da Intelixencia Artificial.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Universidade de Vigo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata 20 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dela dependente, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela a través do ILG e o CiTIUS, e Universidade de Vigo a través do centro AtlanTTic para desenvolver o Proxecto Nós: O Galego na Sociedade e Economía da Intelixencia Artificial.

No ano 2021 a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Amtega e, a USC asinaron un convenio de colaboración para a xeración de recursos lingüísticos e tecnolóxicos en lingua galega. Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía da intelixencia artificial, cuxa vixencia finalizou o 15 de decembro de 2021. A finalidade deste convenio era definir, deseñar e elaborar a planificación pormenorizada da súa execución durante as seguintes catro anualidades a través dunha proposta inicial da estratexia de acción colaborativa conxunta baseada nos principios inspiradores da Intelixencia Artificial e das Tecnoloxías da Linguaxe.

Este proxecto consiste en compilar unha ampla variedade de recursos lingüísticos en galego de alta calidade que serán publicados en formato dixital baixo licenzas libres e que desenvolverán ferramentas en código aberto que poidan ser empregadas, libre e gratuitamente, por institucións e empresas. Todo isto proporcionarán ao galego a posibilidade de incorporarse a plataformas tecnolóxicas, das cales, ata o de agora, estivera excluído: plataformas audiovisuais, videoxogos e noutros recursos tecnolóxicos e dispositivos dixitais presentes e futuros, permitindo que o galego experimente un salto cualitativo dentro do universo dixital, e favorecendo o proceso de transformación dixital da acción da





Xunta de Galicia e doutras administracións públicas para garantir que a cidadanía en xeral poida participar no mundo dixital sen renunciar a súa lingua ao mesmo nivel que un falante dunha lingua global.

Coa finalidade de desenvolver o *Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía da intelixencia artificial*, as partes deste convenio asinaron no ano 2022 un novo convenio de colaboración para dotar á lingua galega de ferramentas e recursos lingüísticos e tecnolóxicos que permitan o acceso a produtos dixitais presentes e futuros nesa lingua e colocar o galego na vangarda da intelixencia artificial e das tecnoloxías lingüísticas.

É interese das partes asinantes desenvolver o citado proxecto, mediante a sinatura dun novo convenio de colaboración cuxo plan de traballo para o ano 2023, figura na cláusula primeira do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

Que para potenciar o emprego do galego, segundo establecen os artigos 5.3 do Estatuto de autonomía para Galicia e 6.3 da Lei de normalización lingüística, compe dispor de estudos científicos sobre a lingua (gramática, léxico, dialectoloxía etc.), tanto sincrónicos como diacrónicos.

Que o artigo 9 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, publicado no DOG do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade atribúelle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre outras, as funcións de promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e a terminoloxía, así como, promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.





Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como á hora de cumprir cos obxectivos previstos na lei 3/1983, de normalización lingüística e no Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, xa que necesita dispor dos traballos que, no eido da investigación, realiza o Instituto da Lingua Galega, o CiTIUS e o centro AtlanTTic por non dispor de medios para realizar este tipo de traballos e tamén, poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa sinatura deste convenio desexa colaborar nos proxectos de investigación do ILGA, do CiTIUS e do AtlanTTic para ter actualizado o coñecemento lingüístico de acordo coas normas vixentes do idioma galego, para o que se levarán a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos polas partes asinantes, para acadar a dinamización plena da lingua galega, neste caso, no ámbito universitario apoiando a realización de actuacións de investigación lingüística co fin de conseguir que sexa unha lingua viva que teña continuidade no tempo.

Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas citadas universidades ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Secretario Xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

